Resolución do 10 de xullo, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fan públicas as relacións provisionais de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2026/27, convocada pola Resolución do 9 de xuño de 2026 (Diario Oficial de Galicia n.º 113, do 18 de xuño).

No Diario Oficial de Galicia núm. 113, do 14 de xuño de 2018, publicouse a Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional entre o persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de Educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (ED002B).

Así mesmo, no Diario Oficial de Galicia n.º 113 , do 18 de xuño de 2026, publicouse a RESOLUCIÓN do 9 de xuño de 2026, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca o concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2026/27 entre o persoal docente dos corpos de inspectores de educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (código de procedemento ED002B).

No apartado terceiro da dita resolución establécese que "As relacións provisionais de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos, por lista única cando proceda e por especialidades e orde de prioridade, publicaranse no portal desta consellería, *https://www.edu.xunta.gal/*, o 9 de xullo de 2026".

En consecuencia, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer públicas as relacións provisionais de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2026/2027 (Anexo I-Primaria, e Anexo II-Secundaria e outros), convocada pola Resolución do 9 de xuño de 2026 (Diario Oficial de Galicia n.º 113, do 18 de xuño), por lista única cando proceda, e por especialidade, orde de prioridade e por colectivo.

Segundo. Conceder, de conformidade co apartado terceiro da dita resolución de convocatoria, un prazo de cinco (5) días hábiles para presentar reclamacións.

Transcorrido este prazo publicarase a lista definitiva de persoal docente que ten a obriga de participar cuxa data previsible de publicación é o 23 de xullo de 2026.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Asinado por: ALVAREZ BERTOLO, JESUS MANUEL
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 10/07/2026 11:53:25

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 3pAr7rfFHNp4 https://sede.xunta.gal/cve